<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos:

Contidos

- dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Extreme Nature	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información relevante de textos ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	88

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar o contido e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir as opinións explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados e adecuados á situación comunicativa, co fin de describir, narrar e informar.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participar e colaborar en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	TI	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, comparar e contrastar, resumir e colaborar.		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar textos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando estratexias adecuadas para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente, tendo en conta os dereitos humanos, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico, crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador, o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mindset 1, Student`s book Burlington

Pizarra dixital, Ordenador co libro de texto Mindset 1 instalado. Altosfalantes.

Os alumnos dispoñen tamén do libro de estudante interactivo.

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Presentación individual oral sobre temas de lecer e afeccións.
2. Redacción de opinión sobre un tema de interese para o alumnado.
3. Proba de nivel.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	25	25	100
Proba escrita	88	88	88	88	88	88	88
Táboa de indicadores	12	12	12	12	12	12	12

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75 ao cuarto de punto á alza.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 20%

Instrumentos de avaliación:

-Proba escrita: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de resposta curta e preguntas de vocabulario.

- Reading: 10%
- Listening: 10%

2. PRODUCIÓN ORAL (CA1.4): 2%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 68%

Instrumentos de avaliación:

-Proba escrita, dividida en:- WRITING: 20%

-Language in Use: GRAMMAR:28% e VOCABULARY: 20%

4. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 2%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. MEDIACIÓN (CA1.9+CA1.10): 2%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 3%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7. INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 3%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Criterios de recuperación:

Os contidos na nosa materia son acumulativos, polo que cada avaliación integra os contidos das anteriores. É por isto, que non haberá un exame específico de recuperación nin trimestral nin final.

O alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba extraordinaria de comprensión oral e escrita e produción escrita.

Contido da proba extraordinaria:

- COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 30%

- Listening: 10%
- Reading: 20%

Instrumentos de avaliación:

-Proba escrita: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de resposta curta e preguntas de vocabulario.

- PRODUCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 70%

Instrumentos de avaliación:

-Proba escrita, dividida en : - Writing: 25%

-Language in use: Grammar: 30%, Vocabulary:15%

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación. A superación da materia poderá realizarse de dúas maneiras:

1) Os contidos do curso serán repartidos en tres probas. A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. O primeiro trimestre terá un peso do 20%, o segundo trimestre do 30% e o terceiro trimestre do 50%. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearase a partires de 0,75 ao cuarto de punto á alza.

2) Alternativamente, unha cualificación positiva na primeira e/ou segunda e/ou terceira avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente. A nota na materia pendente será a obtida na avaliación superada do

curso actual.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación final ordinaria terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba extraordinaria.

Tanto a proba por avaliación como a avaliación extraordinaria consistirán en:

-COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 30%

- Listening: 10%
- Reading: 20%

Instrumentos de avaliación:

-Proba escrita: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de resposta curta e preguntas de vocabulario.

- PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 70%

Instrumentos de avaliación:

-Proba escrita, dividida en : - Writing: 25%

-Language in use: Grammar: 30%, Vocabulary:15%

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
2. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
3. Actividades de reforzo e consolidación.
4. Traballo colaborativo.
5. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
16. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.					X	
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde		X			X	
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.		X	X			X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital, a educación emocional e en valores, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as tres primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre	I. O 25 de Novembro , Día internacional contra a Violencia de Xénero, amosaremos dende unha perspectiva crítica cómo, en épocas do pasado , atitudes cara a muller que hoxe en día nos resultan impensábeis aparecían reflectidas en anuncios, ilustracións, películas. II. O 10 de Decembro,día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos os alumnos faran a lectura en inglés dos dereitos que consideren máis relevantes.	X		
2º trimestre	I. O 30 de Xaneiro, Día escolar da Non Violencia e da Paz, traballaremos con citas en inglés sobre a Paz . II. O 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, algúns alumnos participarán voluntariamente na elaboración de biografías de mulleres relevantes da cultura anglosaxona. III. Do 5 ao 9 de Marzo, Semana da Prensa, traballaremos con artigos de distintos xornais e revistas da actualidade ou do pasado.		X	
3º trimestre	I. O 5 de Xuño, Día Mundial do Medio Ambiente, traballaremos con vídeos onde aparezan temas como o cambio climático e as súa consecuencias, a contaminación etc.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Metodoloxía empregada
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.

Clima de traballo na aula
Proporcione información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.

Descrición:

O profesorado, ao termo de cada trimestre, responderá a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

- Sempre
- Ás veces
- Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións mensuais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados